

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 25 SETEMBRO DO 2006.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de Setembro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Francisco Xabier Carreira Sebío.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 18 de Setembro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS**

“Visto o expediente a nome de **Don Manuel Vázquez Martínez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 64, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Extramuros nº 64, 1º dcha., desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 1.056,99 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 1.056,99 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Manuel Vázquez Martínez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 64, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Extramuros nº 64, 1º esquerda, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar

aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 1.249,38 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 1.249,38 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Manuel Vázquez Martínez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 64, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Extramuros nº 64, 2º dcha., desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 1.056,99 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 1.056,99 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Manuel Vázquez Martínez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 64, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Extramuros nº 64, 2º esquerda, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 1.249,38 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 1.249,38 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Manuel Vázquez Martínez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 64, 3º, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Extramuros nº 64, 3º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 2.305,61 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 2.305,61 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **dona Maria Dolores Gómez Morgade**, con domicilio na rúa Corral nº 10, 1º dcha. no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de

42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don Antonio Soto Boullosa**, con domicilio na Praza do Cruceiriño nº 9, Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

#### **ACOMETIDA DE SANEAMENTO INDUSTRIAL**

“Visto o escrito presentado por **don Argimiro Touza Levoso**, en calidade de Xerente da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro S.C.G., con domicilio en Val de Pereira, no que prega se lle autorice a correspondente conexión a rede de saneamento do Concello de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa concesionaria do servizo, por unanimidade, acorda acceder o solicitado. Dita conexión será supervisada pola empresa concesionaria do servizo. Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Do Xulgado de Menores, Sentencia recaída en peza de responsabilidade civil núm. 43/2005, por reclamación de cantidade”.

-“Da Deputación Provincial, comunicando dúas altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CONCESION DE SUBVENCIONS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder as subvencións que de seguido se relacionan e polos importes que se indican:

- Comisión de Festas San Antonio: 150 euros.
- Agrupación cultural A Quinzana: 150 euros.

A concesión das subvencións rexerese pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación aos fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións”.

### **ADXUDICACIÓN DA OBRA “SANEAMENTO ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS” POL 2006.**

“Vista a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación a favor de AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Adxudicar a obra de Saneamento Esposende, San Paio, A Quinza e Outros a **AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A.**, por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 137.467 euros e demais oferta realizada pola empresa que de seguido transcríbese:

- **Aumento de Obra sobre a definida en Proxecto:** 38.390,85 euros (incluída 2.900 euros para a Dirección Técnica).
- **Mellora das condicións estéticas e funcionais:** 5.521,60 euros.
- **Prazo de execución da obra:** 3 meses.
- **Prazo de garantía e asistencia técnica:** 5 anos (60 meses).

2º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva equivalente ó 4% do importe de adxudicación no prazo de 15 días seguintes a notificación da adxudicación.

3º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

5º.- Nomear como Técnico Director da obra a don Casimiro Fontela Bugallo.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario e o nomeado para a dirección da obra, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.